



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 501
9 de xullo de 2019



CSV: BOPGDSPG4terfC9c76
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

I 52151 - 50003 (10/PRE-014944)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o pechamento de camas e a derivación de doentes á sanidade privada durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas, a súa incidencia no eido asistencial e mais os criterios seguidos, os datos e as previsións ao respecto [165802](#)

I 52150 - 50028 (10/PRE-014945)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co servizo de atención temperá que se está a prestar na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Mariña-Lugo-Monforte, así como respecto das súas previsións sobre o incremento da súa dotación de persoal e a súa apertura en horario de tarde [165804](#)

I 52149 - 50109 (10/PRE-014952)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o número total de vivendas de promoción pública existente na actualidade no concello de Cangas e as previsións do Goberno galego para a posta á disposición de novas vivendas deste tipo nese concello durante o ano 2019 [165806](#)

I 52148 - 50232 (10/PRE-014959)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre as previsións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda respecto da convocatoria de axudas dirixidas á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente, así como o orzamento que vai destinar para ese fin [165809](#)

I 52147 - 50245 (10/PRE-014960)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns do Goberno galego para reducir, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, a dotación de persoal das ambulancias de Foz, Monforte e do Salnés, así como para continuar co mesmo modelo de contratación e non estudar a viabilidade da asunción da súa xestión pública e directa [165811](#)



I 52112 - 50642 (10/PRE-014984)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e 2 máis**

Sobre a prohibición da tenza dun animal doméstico pola persoa arrendataria dunha vivenda, re-flectida no modelo de contrato do Programa de vivendas baleiras [165815](#)

4. Informaci3ns e correcci3ns de erros**4.2. Correcci3ns de erros**

I Resoluci3n da Presidencia, do 9 de xullo de 2019, pola que se corrixen erros na do 3 de xullo de 2019 pola que se aproba e se fai p3blica a relaci3n provisional de aspirantes admitidos e excluidos ao proceso selectivo para a ingresar en d3as prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D) [165801](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 8 de xullo de 2019, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

- 52151 - 50003 (10/PRE-014944)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o pechamento de camas e a derivación de doentes á sanidade privada durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas, a súa incidencia no eido asistencial e mais os criterios seguidos, os datos e as previsións ao respecto

- 52150 - 50028 (10/PRE-014945)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co servizo de atención temperá que se está a prestar na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Mariña-Lugo-Monforte, así como respecto das súas previsións sobre o incremento da súa dotación de persoal e a súa apertura en horario de tarde

- 52149 - 50109 (10/PRE-014952)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o número total de vivendas de promoción pública existente na actualidade no concello de Cangas e as previsións do Goberno galego para a posta á disposición de novas vivendas deste tipo nese concello durante o ano 2019

- 52148 - 50232 (10/PRE-014959)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre as previsións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda respecto da convocatoria de axudas dirixidas á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente, así como o orzamento que vai destinar para ese fin

- 52147 - 50245 (10/PRE-014960)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns do Goberno galego para reducir, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, a dotación de persoal das ambulancias de Foz, Monforte e do Salnés, así como para continuar co mesmo modelo de contratación e non estudar a viabilidade da asunción da súa xestión pública e directa



- 52112 - 50642 (10/PRE-014984)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre a prohibición da tenza dun animal doméstico pola persoa arrendataria dunha vivenda, re-flectida no modelo de contrato do Programa de vivendas baleiras

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Resolución da Presidencia, do 9 de xullo de 2019, pola que se corríxen erros na do 3 de xullo de 2019 pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a ingresar en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D)

Advertido un erro na publicación da Resolución do 3 de xullo de 2019 (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 498, do 4 de xullo*) pola que se aproba e fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a ingresar en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), procédese a corrixir no seguinte sentido:

Incluír na listaxe do anexo da dita resolución, apartado A), referido á «RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS», a seguinte persoa:

Nº	APELIDO	NOME	DNI
	MOLDES MAGDALENA	CRISTINA	**1846**

Esta corrección de erros non implica a apertura dun novo prazo para a alegación ou emenda de documentación das persoas incluídas no apartado B) do anexo da resolución, referida á «RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSA DE EXCLUSIÓN».

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019

Miguel Angel Santalices Vieira

Presidente





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 50003** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o pechamento de camas e a derivación de doentes á sanidade privada durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas, a súa incidencia no eido asistencial e mais os criterios seguidos, os datos e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 479 do 22 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo conselleiro de Sanidade á pregunta oral número 50005 que tivo lugar no pleno do 11 de xuño de 2019.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-06-12?part=5e197c67-db57-4884-8e4b-b7e18ac685c7&start=3022>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2019 13:00:28
Nº Rexistro: 52151
Data envío: 02/07/2019 13:00:28.267

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2019 13:00:20

CSV: BOPGDSPG4tfrfC9c76
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 50028** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co servizo de atención temperá que se está a prestar na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Mariña-Lugo-Monforte, así como as súas previsións respecto do incremento da súa dotación de persoal e a súa apertura en horario de tarde”**, (publicada no BOPG número 481 do 29 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo conselleiro de Sanidade á pregunta oral número 50024 que tivo lugar no pleno do 28 de maio de 2019.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-05-29?part=89c526cc-c1af-4e0e-8967-fdbf037a6387&start=7367>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2019 13:00:11
Nº Rexistro: 52150
Data envío: 02/07/2019 13:00:11.424

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2019 13:00:02

CSV: BOPGDSPG4tfrfC9c76
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 50109** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“o número total de vivendas de promoción pública existente na actualidade no concello de Cangas e as previsións do Goberno galego para a posta a disposición de novas vivendas deste tipo nese concello durante o ano 2019”**, (publicada no BOPG número 481 do 29 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En Cangas do Morrazo existen un total de 99 vivendas de promoción pública, sendo entregadas as últimas en 2011. En 2019 adxudicaranse as vivendas que poidan queda vacantes.

Cómpre lembrar que a presenza no Rexistro de Demandantes non significa que os inscritos non dispoñan de axudas públicas para a vivenda a través doutras canles como poden ser as axudas ao alugueiro ou o Bono de Alugueiro Social.

Ademais, a Xunta puxo a disposición dos concellos o programa de Vivendas Baleiras, co obxectivo de poñer no mercado de alugueiro vivendas desocupadas. Os concellos de Cangas do Morrazo, Marín e Moaña adheríronse a este programa. Segundo establecen as bases, corresponde ao municipio a xestión da incorporación de vivenda ao programa e a súa adxudicación. Ata o momento, destes tres concellos só o de Marín incorporou vivendas ao programa.

Así mesmo, a Xunta dota aos concellos pequenos e medianos de instrumentos para dotarse dun parque municipal de vivenda en alugueiro ao abeiro das competencias que lles atribúe a lei de bases de réxime local.

Deste xeito, os concellos de menos de 50.000 habitantes poden empregar o fondo de cooperación para adquirir e rehabilitar inmobles e os de menos de 20.000 habitantes o



programa de rehabilitación de vivendas de mestres, outros oficios e outras de titularidade municipal para rehabilitar vivendas destinadas ao alugueiro, con axudas de ata o 90% do custo. Combinando estas dúas axudas, os concellos de menos de 20.000 habitantes poden dotarse dun parque público de vivendas sen practicamente custo para as arcas municipais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2019 12:59:57
Nº Rexistro: 52149
Data envío: 02/07/2019 12:59:57.408

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2019 12:59:54

CSV: BOPGDSPG4tfrfC9c76
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 50232** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e don Marcos Cal Ogando, sobre **“as previsións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda respecto da convocatoria de axudas dirixidas á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente, así como o orzamento que vai destinar para ese fin”**, (publicada no BOPG número 483 do 5 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A convocatoria de axudas ao alugueiro está previsto que se publique en setembro de 2019. A liña de axudas destinadas a menores de 35 anos disporá dun total de 4,5 millóns de euros, o que supón un incremento do 85% respecto da anterior convocatoria.

Ademais, os mozos e mozas poden solicitar as axudas da liña A, na que non existe ningún requisito de idade, e que contará con 6 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2019 12:59:50
Nº Rexistro: 52148
Data envío: 02/07/2019 12:59:50.142

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2019 12:59:46

CSV: BOPGDSPG4tfrfC9c76
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 50245** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns do Goberno galego para reducir, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, a dotación de persoal das ambulancias de Foz, Monforte e do Salnés, así como para continuar co mesmo modelo de contratación e non estudar a viabilidade da a sunción da súa xestión pública e directa”**, (publicada no BOPG número 483 do 5 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (en adiante FPUSG-061) é o servizo encargado da atención ás urxencias e ás emerxencias extrahospitalarias na Comunidade Autónoma de Galicia. Na súa carta de servizos inclúe a prestación de asistencia e transporte sanitario mediante dispositivos da rede de transporte sanitario urxente de Galicia.

A xestión e coordinación da atención e transporte sanitario urxente de soporte vital básico e avanzado, tal e como se recolle nos seus Estatutos, é un dos fins da FPUSG-061, e ante a próxima finalización dos contratos do servizo de transporte sanitario urxente actualmente vixentes, con data 29 de abril de 2019 iniciou o expediente de contratación mediante 16 ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (AA-SVA) con dúas versións, 12 AA-SVA con persoal facultativo e 4 AA-SVA con persoal de enfermería, ademais de 107 ambulancias asistenciais de soporte vital básico e 2 ambulancias non asistenciais ambulancias convencionais.

As AA-SVA con base no concello de Foz, Monforte e o Salnés forman parte dun novo modelo asistencial de atención ás urxencias e ás emerxencias que se está a implantar na Comunidade Autónoma de Galicia, que estarán dotadas cun médico, un enfermeiro e un técnico en



emerxencias sanitarias.

Estas tres unidades con persoal facultativo, terán entre as súas funcións, de forma prioritaria, dotar a estas tres bisbarras dun recurso de resposta inmediata para os traslados dos doentes atendidos nos hospitais comarcais correspondentes (Hospital da Mariña, Hospital de Monforte e Hospital do Salnés), que teñan sufrido patoloxías tempodependentes como un infarto agudo de miocardio, un ictus ou unha sepse e que poidan beneficiarse dos programas, que o Servizo Galego de Saúde, ten desenvolvidos, como o Progaliám, o Plan ictus ou o Código sepse.

Trasladarán, tamén, a outros hospitais galegos a todos aqueles pacientes críticos urxentes destes hospitais comarcais que necesiten continuidade máis especializada dos seus coidados ou ben a realización de probas diagnósticas especiais. A dotación de tres profesionais, entre os que contamos con persoal de enfermería e persoal facultativo, garante a atención e o manexo de calquera tipo de doente en situación crítica, ademais de aumentar a supervivencia dos pacientes que sufran un infarto agudo de miocardio, un ictus ou mesmo unha parada cardiorrespiratoria.

Precisamente, outras comunidades autónomas, como Euskadi, Illas Baleares, Andalucía, Cataluña, Illas Canarias, Murcia, Valencia e de Madrid, levan tempo traballando na atención ás urxencias e ás emerxencias sanitarias con este mesmo modelo coa mesma dotación de persoal, cuns resultados que avalan a calidade asistencial na atención a calquera tipo de patoloxía urxente extrahospitalaria e interhospitalaria.

A incorporación deste modelo responde aos estudos, que a FPUSG-061 realiza periodicamente, para manter e mellorar a calidade organizativa e asistencial do servizo e que están baseados no tipo de servizos realizados e nas recomendacións e estudos científicos que avalan a calidade asistencial en calquera tipo de patoloxía urxente interhospitalaria e extrahospitalaria realizada coa dotación de recursos humanos contemplada.

Conforme á nova de Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación dos contratos realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base a 'mellor relación calidade-prezo', que se avaliará atendendo a criterios económicos e cualitativos.

En todo caso, e como non podía ser doutro xeito, o novo procedemento aterase estritamente ao





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2019 12:59:41
Nº Rexistro: 52147
Data envío: 02/07/2019 12:59:41.549

disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas comunitarias en materia da contratación pública 2014/24UE, 2014/25/UE e 2014/23/UE”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2019 12:59:41
Nº Rexistro: 52147
Data envío: 02/07/2019 12:59:41.549

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2019 12:59:22

CSV: BOPGDSPG4tfrfC9c76
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52112

Data envío: 01/07/2019 14:27:27.973

Data 01/07/2019 14:27

RSmv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 50642**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a prohibición da tenza dun animal doméstico pola persoa arrendataria dunha vivenda, reflectida no modelo de contrato do Programa de vivendas baleiras”**, (publicada no BOPG número 486 do 12 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O programa de Vivendas Baleiras establece que será cada concello o que elabore as bases polas que se rexerá este programa no seu termo municipal, sempre de acordo co establecido no programa e polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS).

Para facilitar o labor dos concellos, o IGVS ofrece un modelo de ditas bases, que pode modificarse e adaptarse ás peculiaridades de cada concello. Así mesmo, ofrece un modelo de contrato que se pode modificar por acordo entre as partes, sempre que non se alteren as condicións do programa.

Polo tanto, a prohibición ou autorización de tenza de animais domésticos nas vivendas acollidas ao programa pode ser acordada entre arrendatario e arrendador.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52112
Data envío: 01/07/2019 14:27:27.973

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/07/2019 14:27:06

CSV: BOPGDSPG4terfC9c76
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG4tefrC9c76

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

